


I CONCURSO DE CARTEIS

TEMA: IGUALDADE DE XÉNERO



O Equipo da Biblioteca do IES N° 1 de Ribeira convoca o presente concurso de carteis coas seguintes

BASES DE PARTICIPACIÓN:

◆ Participantes

- ✓ Poderá participar todo o alumnado do centro.
- ✓ A participación no certame implica a aceptación íntegra destas bases.
- ✓ Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre os carteis presentados ao concurso.

◆ Carteis

- ✓ Os carteis deben adecuarse ao tema do concurso.
- ✓ Cada concursante só poderá enviar un cartel.
- ✓ Os carteis deberán ser orixinais e inéditos e non poden ter sido publicados previamente en revistas, xornais, libros ou internet ou ter sido premiados con anterioridade en ningún outro concurso.
- ✓ Neles non poderán aparecer caras de menores de idade, matrículas de coches, etc.
- ✓ O cartel debe enviarse en formato A3 a 150 ppp cunha extensión de arquivo **.jpg**, **.png** ou **.pdf** e cun máximo de **2 MB**. O nome do arquivo debe ser o mesmo que o título do cartel . Pode ser en branco e negro ou en cor.

◆ Limitacións

- ✓ Quedarán excluídos aqueles carteis que inciten ao racismo, xenofobia, homofobia e calquera tipo de violencia, así como os que atenten contra a dignidade das persoas e dos animais, resulten ofensivos ou poidan ferir sensibilidades.
- ✓ Quedarán excluídos aqueles carteis que vulneren os dereitos de propiedade intelectual.

◆ Prazos e lugar de presentación

- ✓ O envío farase ao correo electrónico bibliotecaiesn1@gmail.com poñendo no asunto a referencia “concurso cartel”. No correo especificarase o nome e apelidos do autor e curso-grupo, así como o título do cartel.
- ✓ O prazo de entrega finalizará o sábado **18 de novembro** ás **21:00** horas.

◆ Xurado

- ✓ O xurado estará constituído polo profesorado do Equipo de Biblioteca o do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) e alumnado colaborador da biblioteca e do EDLG.
- ✓ O xurado valorará a mensaxe que transmite o cartel, o grao de adecuación do mesmo ao obxectivo do concurso, o aspecto innovador, a calidade técnica e artística da obra, a creatividade e a orixinalidade .
- ✓ O xurado gárdase o dereito de aceptación das obras segundo se adecúen ou non á temática do concurso.

◆ Premio

- ✓ O fallo do xurado será comunicado ao longo do día **24 de novembro** ao autor/a. Do mesmo modo, difundirase esta información a través da web do centro e Instagram.
- ✓ Será concedido un premio de **75 €** que consistirá nun vale en material deportivo/informático/libros.
- ✓ O fallo do xurado será inapelable e poderá ser declarado deserto se as obras non reúnen a calidade axeitada.
- ✓ As obras premiadas quedarán a disposición do Equipo de Biblioteca do centro, que se reserva o dereito de facer, no futuro, unha publicación ou actividades e traballos a partir delas. A propiedade intelectual e autoría será sempre do autor/a, polo que se fará constar sempre o seu nome.

